

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 363/2009, do 23 de xullo, polo que se crea o colexio de educación infantil e primaria de Cervo número 1 no concello de Cervo (Lugo).

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 31 e o Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a competencia desta materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión.

Tendo en conta o disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas escolares de réxime xeral, e vista a necesidade de racionalizar a oferta educativa do concello de Cervo en función da previsión de escolarización.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créase o colexio de educación infantil e primaria de Cervo nº 1 (código 27020859) con capacidade para tres unidades de educación infantil e seis unidades de educación primaria.

Artigo 2º

Intégranse neste centro o colexio de educación infantil e primaria de Galdín (código 27013961) e o colexio de educación infantil e primaria Mestre Rivera Casás (código 27013739), ambos os dous no concello de Cervo, que se suprimen como tales.

Artigo 3º

Ao profesorado afectado seralle de aplicación o establecido no Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo polo persoal funcionario docente que presta servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo de antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.

Disposición derradeira

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para adoptar as medidas

necesarias para o cumprimento do desposto neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Resolución do 23 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten programas de cualificación profesional inicial e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento no curso académico 2009-2010.

A Orde do 13 de maio de 2008 regula os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición derradeira primeira desta orde autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que cumpran para a súa aplicación e o seu desenvolvemento.

En virtude do anterior, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-*Prazo de presentación de solicitudes de admisión e documentación.*

1. O prazo de presentación de solicitudes para cursar o primeiro ou o segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial será o abranguido entre o 1 e o 10 de setembro, ambos os dous incluídos.

2. A documentación que debe presentar o alumnado na secretaría do centro que ofrezca o programa é a establecida no artigo 13º da Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con independencia do anterior e para os efectos de aplicación do criterio de prioridade establecido no

artigo 14.1º b) da Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado solicitante poderá presentar unha certificación de escolarización do centro de procedencia no curso académico anterior.

O sorteo público para resolver a adxudicación de prazas segundo se determina no artigo 14.1º c) da citada Orde do 13 de maio de 2008 aterase ao disposto na Resolución do 2 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 34 da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

3. A matrícula no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial poderá formalizarse nalgún dos centros a que se fai referencia na Orde do 21 de xullo de 2009 pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A matrícula no segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial poderá formalizarse nos centros a que se fai referencia no anexo desta resolución.

Segundo.-Procedemento de admisión e matrícula.

1. De acordo co establecido no artigo 15.4º do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a incorporación a un programa de cualificación profesional inicial non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro.

Para estes efectos, o alumnado dos centros asociados nas modalidades B terá a mesma consideración que o alumnado do propio centro en que se formalice a matrícula.

2. O procedemento de adxudicación de prazas para cursar un programa de cualificación profesional inicial realizarase consonte o establecido no artigo 14º da citada Orde do 13 de maio de 2008.

3. Os centros educativos farán pública a listaxe de alumnado admitido en cada un dos programas ofrecidos o día 14 de setembro.

4. O prazo de matriculación para o alumnado adxudicado no programa solicitado será do 15 ao 17 de setembro, ambos os dous incluídos.

Terceiro.-Realización do módulo de FCT en período extraordinario.

Con carácter xeral, o período de realización do módulo de FCT en período extraordinario será o mes de xuño. Ao seu remate terá lugar a sesión final extraordinaria de módulos obrigatorios.

Cuarto.-Realización das sesións de avaliación na modalidade B.

As sesións de avaliación na modalidade B realízanse no centro en que figure matriculado o alumnado do programa. Para tal fin, as xefaturas de estudos dos centros implicados coordinarán as datas e os horarios de avaliación.

Quinto.-Convenios específicos de colaboración na modalidade C mixta.

Para a sinatura de convenios específicos de colaboración para a realización dos módulos específicos na modalidade C mixta, así como para a posible rescisión destes, aplicarase o establecido na disposición cuarta da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto.-Programación dos módulos específicos na modalidade C mixta. Plan individualizado.

1. A realización dos módulos específicos na modalidade C mixta exixirá a elaboración, polo titor ou a titora do programa, dun plan individualizado de formación, consistente nun conxunto de actividades formativo-productivas de referencia en relación cos resultados de aprendizaxe recollidos no perfil do programa, que o alumnado terá que realizar nos centros de traballo durante as horas e os períodos establecidos para tal fin.

2. De xeito excepcional, cando se constate que nalgúns zonas ou nalgúns sectores o posto formativo ofrecido por un centro de traballo sexa insuficiente para alcanzar todos os resultados de aprendizaxe necesarios para a consecución da competencia profesional recollida no perfil do programa, o titor ou a titora poderán seleccionar un segundo centro de traballo que permita completar a formación requirida. Nese caso, formalizarase un plan individualizado de formación específico para cada empresa ou centro de traballo.

O anterior será de aplicación en caso de que o horario produtivo dunha empresa ou dun centro de traballo sexa insuficiente para completar o número total de horas de formación correspondentes aos módulos específicos.

Sétimo.-Seguimento dos módulos específicos na modalidade C mixta.

1. O titor ou a titora do centro educativo establecerá canles de comunicación coa persoa designada

para realizar as tarefas de titoría e seguimento do centro de traballo que garantan o seguimento e a avaliación do alumnado do programa. Establecerán un calendario de visitas aos centros de traballo que incluíra, ademais das previas para a xestión, un mínimo dunha visita mensual de seguimento para observar directamente as actividades que o alumnado realice e rexistrar o seu propio seguimento, co fin de verificar a consecución das competencias profesionais propias da cualificación profesional.

2. Ademais das visitas aos centros de traballo, a hora de titoría semanal no centro educativo aproveitarase para realizar actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

3. Para a compensación dos gastos derivados do seguimento dos módulos específicos na modalidade C mixta observarase o disposto nos puntos 3, 4, 5 e 6 da disposición sétima da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. O profesorado encargado do seguimento dos módulos específicos na modalidade C mixta terá dereito a unha redución de ata tres períodos lectivos, consonte se establece para a titoría de ciclos formativos no artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e o seu funcionamento.

Oitavo.-*Renuncia ao módulo de formación en centros de traballo nos programas de cualificación profesional inicial.*

Logo de iniciado o módulo de formación en centros de traballo, poderase renunciar a el sempre que se dea algunha das circunstancias recollidas no artigo 16.1º da Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Noveno.-*Rescisión de convenios.*

1. O centro procederá á baixa de oficio do alumnado excluído dun convenio para a realización dos módulos específicos na modalidade C mixta, ou do módulo de FCT no resto das modalidades, nos casos recollidos no punto 3 da disposición cuarta da citada Orde do 28 de febreiro de 2007.

2. A Administración educativa garantirá un novo posto formativo nos casos en que as causas de rescisión do convenio non sexan imputables ao alumnado.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2009.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Centros en que se impartirán os módulos voluntarios (2º curso) dos programas de cualificación profesional inicial Curso 2009-2010

Provincia	Concello	Centro
A Coruña	Arteixo	15023314 IES de Sabón
	Betanzos	15001148 IES As Mariñas
	Cambre	15026704 IES David Buján
	Carballo	15027307 IES Isidro Parga Pondal
	Cedeira	15026376 IES Punta Candieira
	Cee	15003224 IES Fernando Blanco
	Coruña, A	15005211 IES Salvador de Madariaga 15005397 IES Fernando Wirtz Suárez
	Culleredo	15005749 IES Cruceiro Baleares
	Fene	15032081 IES de Fene
	Ferrol	15006754 IES Marqués de Suanzes 15025751 EPAPU Sta. María de Caranza
	Melide	15008817 IES de Melide
	Mugardos	15025657 IES de Mugardos
	Muros	15026388 IES Fontexería
	Narón	15025268 IES As Telleiras
	Noia	15026731 IES Campo de San Alberto
	Ordes	15027782 IES Nº 1
	Ortigueira	15020544 IES de Ortigueira
	Outes	15027976 IES Poeta Anión
	Ponteceso	15026406 IES de Ponteceso
	Pontedeume	15020556 IES Breamo
	Pontes de García Rodríguez, As	15021767 IES Castro da Uz
	Ribeira	15014568 IES Nº 1
	Sada	15026029 IES Isaac Díaz Pardo
Santa Comba	15026030 IES Terra de Xallas	
Santiago de Compostela	15015743 IES Arcebispo Xelmírez I	
Vimianzo	15026418 IES Terra de Soneira	

Provincia	Concello	Centro
Lugo	Burela	27013958 IES Monte Castelo
	Chantada	27003151 IES Lama das Quendas
	Foz	27020562 IES de Foz
	Lugo	27006531 IES Lucus Augusti 27601509 EPAPU Albeiros
	Monforte de Lemos	27007259 IES Río Cabe
	Ribadeo	27010933 IES Dionisio Gamallo Fierros
	Sarria	27012036 IES Gregorio Fernández
	Vilalba	27013326 IES Lois Peña Novo
	Viveiro	27013636 IES María Sarmiento

Provincia	Concello	Centro
Ourense	Barco de Valdeorras, O	32001725 IES Lauro Olmo
	Ourense	32015581 EPA de Ourense
	Ribadavia	32015475 IES Abrente
	Verín	32013582 IES García-Barbón
	Xinzo de Limia	32014801 IES Cidade de Antioquía

Provincia	Concello	Centro
Pontevedra	Baiona	36000247 CPI de Cova Terreña
	Bueu	36019463 IES Johan Carballeira
	Cambados	36019396 IES Francisco Asorey
	Cangas	36019475 IES de Rodeira
	Estrada, A	36002359 IES Antón Losada Diéguez
	Guarda, A	36019244 IES A Sangriña
	Lalín	36013758 IES Laxeiro
	Marín	36015159 IES Chan do Monte
	Moaña	36004745 IES A Paralaia
	Nigrán	36015184 IES Escolas Proval
	Pontevedra	36006730 IES Frei Martín Sarmiento
	Porriño, O	36019529 IES Ribeira do Louro
	Redondela	36016656 IES Pedro Florianí
	Sanxenxo	36019256 IES de Vilalonga
	Silleda	36020350 IES Pintor Colmeiro
	Tui	36014544 IES Francisco Sánchez
	Vigo	36011634 IES Politécnico de Vigo
		36017430 IES Ricardo Mella
	Vilagarcía de Arousa	36018173 IES de Teis
		36019669 IES Armando Cotarelo Valledor

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 10 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia, polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2009.

Visto o acordo subscrito o 5 de maio de 2009 pola comisión paritaria do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia, polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2009, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres

En Santiago de Compostela, ás 11.00 horas do día 5 de maio de 2009, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnen-se as persoas abaixo sinaladas, en presenza do funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, Celso Araújo Castro, que forman parte da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres.

-Representación empresarial:

En representación da *Asociación Gallega de Empresas de Servizos Funerarios*:

Fernando Ruiz Posse.

Pedro de Diego Olavarrieta (representado por Fernando Ruiz Posse).

José Luis Varela Tabarés.

-Representación social:

UGT Galicia.

Pedro Pablo López Fernández.

Antonio Gómez Vila.

Serafín Álvarez Seoane.

En primeiro lugar dáse entrada ao escrito dirixido a esta comisión paritaria pola sección sindical de Pompas Fúnebres del Atlántico, Federación de Servizos UGT-Vigomemorial, por medio dos cales se presentan unha serie de cuestións que, logo das oportunas deliberacións e debate, se pasan a contestar nos seguintes termos:

*Artigo 7, parágrafo 14:

Establecer un sistema de limpeza da roupa de traballo.

As partes non chegan a acordo sobre este punto ao haber disparidade de circunstancias nas distintas empresas do sector.

*Artigo 7, último parágrafo:

A comisión paritaria estudará a posibilidade de que os/as traballadores/as que non desenvolvan a súa actividade ordinaria nin en xornada nocturna